

ESTRUTURA ANTROPOLÓGICA DA MORALIDADE

A natureza, en xeral, e o conxunto dos seres vivos, en particular, poden parecer dende unha mirada superficial un todo harmonioso no que reina un admirable equilibrio. Sen embargo, unha observación máis detida e atenta evidenciaría ben axiña que tal "equilibrio" non só é precario e cambiante, senón que, asemade, responde frecuentemente á combinación dun conxunto de forzas cegas e enfrontadas.

Así, as relacións entre os distintos individuos de cada especie animal aparecen reguladas basicamente por programas de conducta instintivos* herdados xeneticamente. Tales programas –que non son máis que produtos finais decantados e fixados ó longo dun implacable proceso de selección natural* no que os peor adaptados foron eliminados– determinan rixidamente as súas condutas e parecen orientados fundamentalmente a garantir a **supervivencia do grupo**, sen atender á protección dos individuos máis débiles, enfermos ou desvalídos. En canto ás relacións entre as diversas especies, o panorama, dende unha perspectiva humana, pode resultar aterrador: cada especie tende a consumir a maior cantidade de nutrientes e a ocupar a meirande extensión de espazo, presionando sobre as demais e sufrindo á súa vez a presión destas como único freo que detén a súa tendencia á expansión ilimitada.

Os "equilibrios" naturais –sempre precarios e cambiante– entre os diversos seres vivos son acadados, pois, mediante axustes drásticos e a un prezo moi alto: sobreviven aqueles individuos mellor dotados dentro de cada especie e especies enteiras chegan a desaparecer ó longo da historia da vida baixo a presión doutras máis fortes ou simplemente mellor adaptadas ós cambios do medio. A orde natural aparece, pois, como o reino cego e complexo da imposición e os seus fráxiles "equilibrios" están moi lonxe –pese a certas aparencias– de ser o resultado duns "pactos de convivencia" entre as diferentes partes e moito máis aínda de calquera forma de comportamento que teña relación co que os humanos chamamos solidariedade.

A vida xenuinamente humana emerxe, pola contra, xustamente á marxe –ou mesmo ás veces en contra– da lóxica que impera no conxunto da natureza e é o resultado da nosa capacidade creadora e transgresora que permite transcender e superar as súas leis cegas. É certo que esta capacidade é ela mesma, á súa vez, un produto da evolución da natureza, e nese sentido tamén, polo tanto, algo *natural*. Sen embargo a súa presenza supón unha nova dimensión, un verdadeiro salto cualitativo na historia da evolución.

En efecto, no caso da especie humana a dinámica da evolución impulsou tres procesos característicos estreitamente relacionados e interdependentes entre si. En primeiro lugar, a flexibilización progresiva das pautas de conducta innatas ata desembocar nun verdadeiro déficit instintivo. En segundo lugar, o desenvolvemento da capacidade racional e simbolizadora* que dará lugar ó pensamento e á linguaxe. E, en terceiro lugar, a acentuación da capacidade para desenvolver condutas cooperativas.

O resultado final deste proceso evolutivo é iso que xenericamente chamamos liberdade humana, a cal comporta non só un estado de indeterminación, de verdadeira desprogramación de mecanismos instintivos, senón tamén unha situación de dispoñibilidade, de apertura de posibilidades, e mesmo de necesidade ineludible de inventar a propia vida.

O home parece, deste xeito –tal como expresou a miúdo a filosofía moderna– "condenado" a exercer a súa liberdade, a ter que "definir a súa propia natureza" –aínda que tal definición haxa de levarse a cabo sempre dentro dunha "circunstancia" concreta e polo tanto limitadora– podendo **ascender** por enriba do resto dos demais animais ou mesmo **descender** máis abaixo deles.

Pero a dimensión de apertura e liberdade –denominada comunmente "dimensión moral"– na que desembocou finalmente o proceso da evolución humana é indisoluble da socialidade que caracteriza á nosa especie, fronte a calquera outra especie animal. Os individuos humanos, en efecto, non só son capaces de colaborar en complexas empresas colectivas senón que ademais necesitan de todo un entramado de relacións sociais para poder acadar o seu desenvolvemento e vivir plenamente como tales humanos.

(LER FR. SAVATER)



INSTINTO

Conduta innata e específica (propia dunha especie). É transmitida hereditariamente e a penas modificable pola experiencia e a aprendizaxe individual posterior.

Selección natural

Mecanismo central dos procesos evolutivos olóxicos mediante o cal as condicións do medio eliminan as variantes biolóxicas menos aptas e propician a supervivencia das mellor adaptadas.

Revisión
Savater

